


# ELPROGRESO

## Paco Martín: "Terra Chá é a comarca do mundo que dá máis escritores por ferrado"



Paco Martín, cun libro de Lamote (Foto: AEP)

El Progreso 22/mar/11

---

*O lucense Paco Martín quedou unido para sempre á Terra Chá dende que a súa pluma inventou ao señor Ramón Lamote, un mestre que debuxa soños e que ensina chairego, un idioma que pese a non existir foi capaz de situar a comarca en tódolos rincóns do mundo.*

---

**O escritor Paco Martín** levou a Terra Chá ao redor do mundo a través do señor Lamote, quen ensinou un idioma imaxinario, o chairego, a centos de persoas de distintas xeracións.

**O sábado pregoará a Feira da Bola de Liscos e das Freces de Bretoña, na Pastoriza. Como afronta esta invitación? Sorprendeuno?**

Non podo dicir que me sorprendese, xa estivera convidado a pregoala a primeira vez que se fixo pero non puideron facelo daquela, e estou moi agradecido de que me tivesen en conta.

**A súa relación coa Terra Chá comeza hai moito tempo con Ramón Lamote, o profesor de chairego e debuxante de soños por encargo.**

O certo é que a miña relación coa Terra Chá é moito máis antiga. Descubrina, supoño que coma case todo o mundo, aló polos primeiros sesenta do século pasado no libro de Manuel María e despois fíxense veciño dela durante nove anos, fundamentais para a miña traxectoria vital, nos que traballei poñendo escola en Bretoña.

### **Por que este idioma? Por que Terra Chá e non outro lugar?**

Lamote dá clases de chairego pola mesma razón pola que debuxa soños, pero falamos da bisbarra do mundo que dá máis escritoras e escritores por ferrado...

### **Entre as anécdotas, en Nova York non entenderon estas clases, porque non tiñan traducción. Como explica que é o chairego?**

Estaban a traballar na traducción a partir da versión en castelán, na que se mantén o termo, como é lóxico, e segundo dicían, tiñan un dos mellores departamentos de español dos USA pero andaban desesperados co do chairego, xa que ninguén lles daba ofrecido unha traducción posible. Despois de aconsellarlles que procurasen organizar un bo departamento de galego e de lle dar pouco menos que unha longa lección gratuíta sobre este idioma, a súa historia e importancia, indiqueilles que o mellor era deixalo quedar así e enriquecer o inglés da mesma maneira que servira para enriquecer o castelán. Non sei se chegaron a entenderme, pero o chairego seguiu sendo chairego tamén aló.

### **O idioma uniuno á Terra Chá e en 2006 inaugurou o Paseo dos Soños de Vilalba. Que significou?**

Recibino, aínda que a quen realmente se honra é a Ramón Lamote, co agradecemento e a satisfacción de quen se sente honrado polos seus iguais e sabe que non vai poder nunca responderlles en igual medida. Foi importante para min. Algúns anos antes os de Xermolos tiveran a ben facerme Chairego de Honra e xa andaba eu a me chufar diso...

### **Nese paseo acompañano grandes autores. Como respiran os libros para nenos en galego? Poden competir con calquera outro idioma?**

Estou orgulloso de compartir espazo con Xabier, Agustín, Manuel María e Darío, polo de agora, nomes aos que podemos engadir unha chea deles o que dá idea clara de que os libros en galego, tamén os que son para nenos, respiran con idénticos folgos que os de calquera outra fala e non precisan de competicións para demostralo.

### **Como valora a literatura galega? Costa saltar fronteiras? Ten o recoñecemento que merece?**

Non é doado facer valoracións de algo que case sempre xoga en campo alleo e moitas veces co árbitro en contra, pero a literatura galega, a que nace en galego, cos altos e baixos normais en toda actividade, mantén un moi digno nivel aínda que, por ser este noso un idioma minorizado por razóns ben coñecidas, en determinados estamentos móvese con moita máis dificultade da que debera.

### **Algúns comparan o libro de Lamote, co que gañou o Nacional de Literatura Infantil, con Harry Potter pola gran aceptación entre os lectores. Que ten Ramón Lamote?**

Non o sei. Supoño que o personaxe, asequible, familiar, sinxelo e tan pouco semellante aos heroes espectaculares e que se move nun medio doado de recoñecer por calquera, fai que case todo o mundo atope sen demasiado esforzo alguén en quen encarnalo e poida identificarse con el dalgún xeito. A aceptación que tivo nos países iberoamericanos foi unha das miñas sorpresas... A verdade é que as boas persoas seguen a ser queridas pola maioría da xente, e Ramón Lamote é unha boa persoa...

### **Lamote voltou 23 anos máis vello, retirado e preocupado pola perda da capacidade de soñar. Necesítase un empuxón para deixar voar a imaxinación nas novas xeracións?**

A imaxinación das novas xeracións está vivísima, eu diría que con moita máis perspectiva que nunca, e se algo couta nalgunha medida a súa capacidade de soñar somos os máis vellos quen o facemos coas nosas esixencias e o noso exemplo. Ramón Lamote volveu porque sabía que estaban aí...

**Das Cousas de Ramón Lamote foi unha obra pioneira por estar escrita en galego e por buscar a interactividade co lector. A lectura infantil é diversión ou educación?**

Primeiro, unha diversión. Despois, e cunha miga de sorte, podería servir tamén para educar e concienciar, pero sen orientacións explicitamente didácticas.

**Que pensa da implantación da lectura obrigatoria nas aulas?**

O substantivo parece ter un aquel de impositivo que non lle cadra nada ben. Estamos a falar de algo xa moi antigo no ensino e cuxa eficacia dependerá de quen o utilice e de como o faga.

**Está traballando nalgunha obra?**

Si, pero a modo.

**Haberá unha terceira de Lamote?**

Non me gusta ser tallante afirmando ou negando, pero hoxe diría que non.

**Que opina das novas tecnoloxías? Publicaría en dixital ou prefire manter as súas letras nos libros?**

Están aí e é bo que estean. De feito xa asinei algún contrato editorial por se fose o caso. De momento os dous soportes son compatibles..., claro que o meu segue a ser o papel.

**Preocupado polo galego, que opina da súa situación nas aulas?**

Como ben di Eduardo Galeano, as cousas están tan desastrosamente mal que non nos podemos permitir ser pesimistas. E a ese optimismo forzoso é ao que nos debemos agarrar. A descarada falla de sensibilidade e de respecto que as autoridades académicas, e moitas das outras, están a demostrar agachando a súa pobreza de miras con desculpas nada convincentes por incertas, unidas á teimuda ignorancia dunha parte da sociedade, dificultan en moita medida a boa marcha de algo que deba ser, como noutros lugares é, do máis natural. As novas xeracións teñen a obriga de se facer oír, e con forza... Oxalá!

**DE PRETO**

**"Paco Martín non resiste a comparanza con Lamote, pero está contento de si mesmo"**

**O personaxe solapou ao autor? Lamote é quen lle gustaría ser?**

É certo que o personaxe puido máis que o autor, algo que non resulta nada difícil de lograr, pero estas cousas soen pasar e non son necesariamente negativas. Certo tamén que o personaxe toldou en bastante medida outros traballos meus que, segundo din, pagan bastante a pena. Agora ben, desde a perspectiva da idade, pódome permitir a inmodestia de dicir que, malia os moitísimos erros, Paco Martín anda medianamente satisfeito de si mesmo aínda que non sexa quen a resistir a comparanza con Ramón Lamote.

**É mestre ou escritor?**

Nunca fun unha sen ser a outra.

**Algunha manía para escribir?**

Sentirme cómodo no meu ambiente e sabendo da proximidade da miña muller.

**Para adicarse á literatura infantil hai que ser un pouco Peter Pan?**

Probablemente si. E tamén para ser adulto cumprido.